

EXPEDIENTE:	2022/00043540D
PROCEDEMENTO:	Aprobación das bases de subvencións (FP)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de decembro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Resolución de Concesión da convocatoria de 2022 das subvencións a empresas para actuacións en materia de Economía Circular

A proposta é do seguinte teor literal:

Informe proposta de resolución de concesión da convocatoria de 2022 das subvencións a empresas para actuacións en materia de economía circular.

ANTECEDENTES

A xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 11 de outubro de 2022, as bases reguladoras da “CONVOCATORIA DE 2022 DAS SUBVENCÍONS A EMPRESAS PARA ACTUACÍONS EN MATERIA DE ECONOMÍA CIRCULAR cuxo extracto foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 18 de outubro de 2022.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, recíbese un total 1 solicitude.

Con data de 8 de novembro de 2022 dando cumprimento ao establecido na base 8ª das bases reguladoras da CONVOCATORIA DE 2022 DAS SUBVENCÍONS A EMPRESAS PARA ACTUACÍONS EN MATERIA DE ECONOMÍA CIRCULAR remítese á empresa que non presentou a documentación completa, requirimento de subsanación.

A empresa presentou a documentación requirida, polo que os seu expediente resultou completado en prazo.

Revisada a totalidade da documentación conclúese:

1. Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos na base 3ª para ser beneficiaria da subvención.
2. Que ten unha puntuación superior a 3 puntos na memoria presentada conforme co establecido na base 5ª.
3. Que realiza os gastos subvencionables entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro conforme establece a base 4ª.
4. Que non figura, ademáis, desestimento da persoa solicitante.
5. Que a persoa solicitante se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.
6. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude

que constan no expediente, a persoa que se relaciona, reúne todos os requisitos válidos para acceder á subvención.

7. Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas Bases da convocatoria de axudas, constando no expediente informe da Oficina de Promoción Económica individualizados para cada expediente:
 - a. Tal e como se establece na base 10ª, a avaliación das solicitudes, conforme os criterios de valoración establecidos na base 4ª, realizarase pola Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela. Avaliada a documentación, en base ao sistema de concorrencia competitiva e á puntuación obtida, elaborárase unha proposta motivada de lista coas solicitudes aprobadas, o importe correspondente de axuda, e as denegadas.

O resultado da fase de instrución conclúe cun total de 1 expedientes que é susceptible de percibir a subvención.

A) As puntuacións outorgadas e proposta de subvención a outorgar son:

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITAD O	CONCEDID O	PUNTUACIÓ N
2022/00049445 A	COMPOSTELA INSERTA EIL SL	B70XXXX71	9.631,94	9.631,94	12

8. Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, a persoa proposta como beneficiaria cumpre cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiaria destas axudas.
 9. As empresas xustificaron a totalidade da subvención polos importes indicados en cada caso.
 10. Non ten sido ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións contra ningunha das empresas beneficiarias.
 11. Non ten sido acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario ou entidade colaboradora, referidos á mesma subvención
- Incorpórase ao expediente con data de 29 de novembro de 2022 certificado expedido polo Vicesecretario do Concello de Santiago no se pon de manifesto que:

- 1) Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas bases da convocatoria de axudas..
- 2) Comprobouse o establecido no artigo 88.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, nestes termos:

- Xustificou a totalidade da subvención cuxa concesión se propón, acadando a contía xustificada no importe que se indican.
 - Non se ditou resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao seu cobro por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - O órgano concedente da subvención non acordou, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos á mesma subvención.
- 3) En atención á comprobación realizada, ao cotexo da documentación aportada e as manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, na empresa solicitante, reúne todos os requisitos válidos para acceder á subvención.

CONSIDERACIÓNS

Normativa de aplicación:

1. Bases de execución do orzamento municipal.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
6. Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tal e como se establece na base 10^a, a avaliación das solicitudes, conforme os criterios de valoración establecidos na base 4^a, realizarase pola Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela. Avaliada a documentación, en base ao sistema de concorrencia competitiva e á puntuación obtida, elaborárase unha proposta motivada de lista coas solicitudes aprobadas, o importe correspondente de axuda, e as denegadas.

O resultado da fase de instrución conclúe cun total de 1 expedientes que é susceptible de percibir a subvención.

A) As puntuacións outorgadas e proposta de subvención a outorgar son:

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITAD O	CONCEDID O	PUNTUACIÓ N
2022/00049445 A	COMPOSTELA INSERTA EIL SL	B70XXXX71	9.631,94	9.631,94	12

Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, a persoa proposta como beneficiaria cumpre cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiaria destas axudas.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento da axuda que segue á seguinte persoa beneficiaria:

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITAD O	CONCEDID O	PUNTUACIÓ N
2022/00049445 A	COMPOSTELA INSERTA EIL SL	B70XXXX71	9.631,94	9.631,94	12

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 9.631,94 euros, van con cargo aos orzamentos municipais do ano 2022 partida 010 43300 4790001 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2022/1554 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento da axuda que segue á seguinte persoa beneficiaria:

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITAD O	CONCEDID O	PUNTUACIÓ N
2022/00049445 A	COMPOSTELA INSERTA EIL SL	B70XXXX71	9.631,94	9.631,94	12

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 9.631,94 euros, van con cargo aos orzamentos municipais do ano 2022 partida 010 43300 4790001 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS.

